



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 17 DE ABRIL DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto de creación do Consello Galego de Colexios de Economistas
- Decreto polo que se aproba o cambio de denominación do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, que pasa a denominarse Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se nomea director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Decreto polo que se aproba o convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia S.A., concesionaria da Xunta de Galicia para a execución de ramais de enlace na autoestrada do Val Miñor AG-57, a súa integración na concesión administrativa e a súa modificación

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (Funga) e se aproba a concesión dun anticipo do 50% da contía correspondente a gastos de mantemento e funcionamento como primeiro pagamento



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o financiamento do mantemento de centros destinados á atención á dependencia e se autoriza o pagamento do 50% da contía do convenio en concepto de anticipo
- Acordo polo que a Xunta de Galicia aprecia a necesidade de formularlle ao Goberno requirimento de incompetencia, ao abeiro do artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, contra a Orde TAS/421/2008, do 19 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións sometidas ao réxime xeral de subvencións da Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Fundación Preescolar na Casa, para a promoción da cultura e a lingua galega, mediante o programa Preescolar na Casa

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de vinte millóns oitocentos sesenta e oito mil cento corenta e nove euros con seis céntimos (20.868.149,06 euros), correspondente ás obras de ampliación do peirao de Brens-Cee (A Coruña)
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 255.449.737 euros ao abeiro do disposto no artigo 40 da Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais para a Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, correspondente ao expediente de contratación de concesión de obra pública: Eixe de comunicación A-52-Fronteira portuguesa. Vía de Alta Capacidade A-52-Celanova
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de tres millóns cincocentos quince mil novecentos trinta e catro euros con dezanove céntimos (3.515.934,19 €), correspondente á obra de acondicionamento da estrada AC-433 Ponte do Porto (AC-432)-Laxe (AC-431)
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de catro millóns cincocentos sesenta e oito mil seiscentos un euros con noventa e sete céntimos (4.568.601,97



€), correspondente á obra: mellora da seguridade viaria da PO-552, avenida da Florida

- Acordo polo que se autoriza o texto do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Culleredo, para a construción de dúas áreas de estacionamento de autobuses no Burgo, no concello de Culleredo

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a validación do convenio específico de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), a *Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (Faimevi)* e a *Fundación Axencia Enerxía da Coruña (Faepac)*, en materia de actuacións encamiñadas á mellora da eficiencia enerxética nos sectores de servizos públicos e transporte por estrada
- Acordo polo que se autoriza a validación do convenio específico de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega), a *Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (Faimevi)* e a *Fundación Axencia Enerxía da Coruña (Faepac)*, en materia de actuacións encamiñadas a mellorar a eficiencia enerxética no sector da edificación

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto denominado autovía Verín-fronteira portuguesa (treito Verín-Fronteira), sobre a dos montes veciñais en man común Maior e Cabreiroá, Outeiro de Pendón e Veiga, Xieira e Veiga e do Circo, no concello de Verín, na provincia de Ourense, promovido pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (Ministerio de Fomento)

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación que se vai subscribir entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e o Concello de Cuntis (Pontevedra), que ten por obxecto a realización da obra: pista de atletismo de seis rúas no concello de Cuntis



CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual previsto na orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión de axudas para a realización de proxectos de promoción sociocultural e divulgación nas comunidades pescadoras e o sector pesqueiro

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Ordes para o acondicionamento das marxes do río Mercurín, por importe de 450.290,18 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Negreira para a realización dun paseo fluvial nas marxes do río Barcala, por importe de 254.811,83 euros
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Marín para o acondicionamento da finca de Cadro, por importe de 183.423,25
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de Mos para o acondicionamento da zona verde de Sanguñeda e da área de Alfacuca, por importe de 399.972 euros

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a contratación das obras de urbanización e electrificación dos terreos da unidade de actuación N-1 e N-2 en Garabolos (Lugo)
- Acordo polo que se autoriza a contratación das obras de urbanización e electrificación do parque empresarial de Landrove-Viveiro (Lugo)
- Acordo polo que se autoriza a contratación das obras de urbanización e electrificación do parque empresarial de Pacios-Baamonde (Lugo)



INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia das obras de reposición de dique e coeira nos portos de Cariño e Cedeira (A Coruña)



A XUNTA APROBA A CREACIÓN DO CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS DE ECONOMISTAS E OS SEUS ESTATUTOS

- *Tamén se autoriza o cambio de denominación do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, que pasa a chamarse Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de creación do Consello Galego de Colexios de Economistas e os seus estatutos. A creación deste Consello Galego de Colexios de Economistas foi promovida e solicitada -ante a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza- polos ilustres colexios de Economistas da Coruña, Lugo, Ourense e de Pontevedra. Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

A finalidade do consello é agrupar e coordinar os colexios integrados nel e asumir a súa representación e interese común ante a Xunta ou outro organismo. O consello asumirá, a nivel autonómico, as funcións do seu homónimo español. Ademais, tamén fomentará actividades para a formación e o perfeccionamento profesional, editará informes económicos sobre Galicia e adoptará acordos en materia de deontoloxía profesional, entre outros cometidos.

Nos seus estatutos abórdanse disposicións xerais como a composición, a natureza, a personalidade xurídica, o domicilio, a finalidade e as funcións do Consello Galego de Colexios de Economistas. Tamén se tratan os órganos de goberno, o funcionamento, os cargos, os réximes económico e disciplinario, os recursos e as súas relacións cos colexios de economistas, coas universidades galegas e coa Xunta, coas institucións e entes públicos.

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Por outra parte, o Consello da Xunta tamén deu o visto e prace ao decreto polo que se aproba o cambio de denominación do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, que pasa a denominarse Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. O cambio de denominación vén xustificado pola necesidade de empregar unha linguaxe máis inclusiva e correcta, considerándo que o termo "psicoloxía" é un termo inclusivo, xenérico, que recolle tanto ás profesionais como aos profesionais que se titularon e traballan nos distintos ámbitos de intervención da psicoloxía.

Ademais, tamén se tivo en conta o feito de que na actualidade dos 1996 colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, 1.511 son mulleres e 485 son homes, o que traducido a porcentaxes supón un 75,7% de mulleres fronte a un 24,3% de homes. En consecuencia, considérase que a proposta de cambio de denominación é máis correcta lingüisticamente e atende as indicacións dun uso non sexista da linguaxe e as recomendacións da Lei galega para a igualdade de mulleres e



homes, para corrixir as discriminacións e avanzar no camiño da igualdade. Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.



O CONSELLO DA XUNTA NOMEA O DIRECTOR DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- *O elixido por proposta da conselleira de Política Territorial é Hipólito Pérez Novo, ata o de agora subdirector xeral de Disciplina Urbanística da CPTOPT*

O Consello da Xunta nomeou hoxe, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, María José Caride, o primeiro director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), que será Hipólito Pérez Novo. O elixido era ata o de agora subdirector xeral de Disciplina e Informes na Dirección Xeral de Urbanismo da CPTOPT, cargo que desempeña dende 1999.

Ao director da APLU correspóndelle, segundo os estatutos deste organismo, “a representación ordinaria da axencia, a dirección dos seus servizos e a xefatura do seu persoal”. Os estatutos tamén establecen que o nomeamento se fará por un prazo de catro anos, por proposta da conselleira competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

Este nomeamento engádese aos que realizou a semana pasada o Consello da Xunta dos catro vogais presentes no Consello Executivo da APLU en representación da Comunidade Autónoma. Ese Consello deberá completarse cos catro vogais de representación local que nomeen os concellos que voluntariamente se adscriban á APLU.

A APLU -constituída de xeito efectivo o pasado mes de novembro tras a aprobación dos seus estatutos e cuxa estrutura orgánica foi aprobada hai un mes polo Consello da Xunta- é un ente consorciado cos concellos que se encargará da vixilancia e inspección do territorio coa finalidade esencial de velar pola utilización racional do solo conforme o disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, así como nas áreas especialmente sensibles.

Estrutura

A estrutura orgánica da Axencia está composta polos órganos directivos (o Consello Executivo para o que a pasada semana se nomearon os vogais de representación autonómica e o director da APLU, nomeado hoxe), a Subdirección da Axencia (baixo a dependencia directa da dirección), as unidades administrativas centrais (en que se inclúen os servizos de Inspección Urbanística de ámbito territorial, o Servizo de Inspección do Litoral e o Servizo Técnico) e as unidades administrativas provinciais (unha por cada provincia).



Funcións

Os estatutos recollen de xeito pormenorizado as funcións da Axencia, á cal lle corresponde, entre outros, a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso de solo, a adopción das medidas cautelares previstas na Lei do solo, a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, a potestade sancionadora e de reposición da legalidade, o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa, o asesoramento e asistencia ás administracións públicas e as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela.

Adhesión

Os estatutos (publicados no DOG do 16 de novembro) establecen que serán membros da Axencia a Xunta de Galicia e aqueles concellos que voluntariamente se integren nela nos termos e condicións establecidos. A incorporación por parte dos concellos interesados realízase a través dun convenio de adhesión previamente aprobado polo correspondente Pleno da Corporación e polo Consello da Xunta.

Curriculum de Hipólito Pérez Novo

Nado en 1959 e funcionario de carreira do corpo superior de Administración, Pérez Novo é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, diploma da Escola de Práctica Xurídica da mesma universidade e diploma de directivo outorgado pola Escola Galega de Administración Pública. Desde a súa entrada na Administración autonómica en 1988 ocupou diversos postos de xestión urbanística tanto na Dirección Xeral de Urbanismo como no Instituto Galego de Vivenda e Solo. Foi secretario da Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña (1988-1993), xefe da Unidade de Solo do Instituto Galego da Vivenda e Solo (1993) e, xa na Dirección Xeral de Urbanismo, xefe da Sección de Ditames (1993-1995), xefe do Servizo de Xestión Urbanística (1995-1996), xefe do servizo de Ditames e Informes (1996-1999) e subdirector xeral de Disciplina e Informes (1999-2008). Paralelamente desempeñou outras actividades profesionais como vogal da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, membro da comisión xurídica que elaborou o anteproxecto de Lei de ordenación urbanística e protección do Medio Rural de Galicia (Lei do solo 9/2002), profesor colaborador do Instituto Nacional de Administración Pública e da Escola Galega de Administración Pública e relator en numerosos cursos e seminarios en materia de dereito urbanístico, materia sobre a cal tamén ten escrito diversas obras.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO ENTRE POLÍTICA TERRITORIAL E A CONCESIONARIA PARA A REFORMA DA AUTOESTRADA DO VAL MIÑOR QUE PERMITIRÁ A COMUNICACIÓN INTERNA DA COMARCA

- *O convenio asinarase nos vindeiros días logo de que a CPTOPT xa aprobase o proxecto construtivo e se iniciará o proceso expropiador*
- *A obra, que supón un investimento de 24,7 millóns de euros, será financiada pola Xunta e a propia concesionaria, liberando así aos concellos do compromiso que asinaron co anterior Goberno autonómico polo que se obrigaban a participar no financiamento das obras*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a empresa concesionaria da autoestrada do Val Miñor para reformar esta vía nos enlaces de Sabarís, A Ramallosa, Nigrán e Porto do Molle. Este convenio establece as condicións que lle permitirán á concesionaria completar os actuais enlaces parciais de xeito que poidan ser utilizados tamén para traxectos interiores entre os concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona e non só para a súa comunicación con Vigo como ocorría ata agora. O convenio asinarase nos vindeiros días logo de que a CPTOPT xa aprobase o proxecto construtivo e o Consello da Xunta iniciase o proceso expropiador dos terreos necesarios para a obra.

O convenio establece que o financiamento desta actuación, cun custo de 24,7 millóns de euros, será asumido pola CPTOPT e a propia concesionaria co obxectivo de que a obra poida estar rematada ao longo de 2009, cun prazo de 9 meses para a reforma do enlace de Sabarís e de 15 meses para os enlaces de Nigrán, A Ramallosa e Porto do Molle. Segundo o convenio, a CPTOPT asumirá o custo da reforma e construción dos dous enlaces que non están ligados a peaxes: Sabarís (permitirá circular cara Baredo como circunvalación gratuíta de Baiona) e o novo nó completo de Porto do Molle (permitirá circular tanto cara ao tronco principal da autoestrada como cara a Praia América e que será realizado a medias coa Zona Franca).

Pola súa banda, a concesionaria será a encargada de acometer materialmente as obras e asume o custo da reforma dos outros dous enlaces que están ligados a peaxes: A Ramallosa (permitirá realizar percorridos Gondomar-Baiona e viceversa) e Nigrán (facilitará todos os percorridos posibles entre Praia América e Baiona e requirirá dunha obra de grande complexidade técnica pola localización do actual enlace parcial). O acordo tamén estipula que a CPTOPT sexa a encargada de expropiar os terreos necesarios para realizar os catro enlaces, proceso que xa se iniciou nun anterior Consello da Xunta e cuxo custo se estima en máis de 700.000 euros.



O compromiso de financiamento que asume Política Territorial supón que os concellos de Nigrán, Gondomar e Baiona non terán que realizar achegas económicas para acometer as obras de reforma dos enlaces. Así, os tres concellos quedan liberados do compromiso ao que chegaran co anterior Goberno autonómico e co que asinaron un protocolo en que se comprometían a participar no financiamento destas actuacións.

O convenio autorizado hoxe prevé que a concesionaria asuma a construción inicial dos enlaces e, no caso de que os ingresos por peaxe nestes enlaces sexan insuficientes para garantir o equilibrio económico-financieiro da concesión, a CPTOPT compensaría a concesionaria. Será tamén a concesionaria a que se encargue do mantemento futuro deses novos enlaces. En calquera caso, non influirá na peaxe o custo de construción dos novos enlaces xa que as tarifas polos novos percorridos que se poderán realizar no interior do Val Miñor se fixarán de xeito proporcional á súa lonxitude, como no resto da autoestrada. Ademais, este convenio permitirá acelerar a tramitación administrativa da contratación das obras, como xa sucedeu co proxecto que redactou a concesionaria.

Circunvalación gratuíta de Baiona e revisión das tarifas en xaneiro

Unha das principais melloras que suporá esta reforma da Autoestrada do Val Miñor será a de proporcionar unha circunvalación gratuíta a Baiona. A posibilidade de acceder á autoestrada en Sabarís e saír dela en Baredo, e viceversa, sen ter que pasar por ningunha peaxe, contribuirá a reducir o tráfico da travesía da PO-552 ao seu paso pola vila e eliminar as retencións que se producen en determinadas datas.

Por último, o convenio autorizado hoxe modifica a data de revisión anual das tarifas das dúas autoestradas de titularidade autonómica. Ata o de agora a revisión das tarifas destas vías para actualizar o IPC realizábase o 1 de abril de cada ano, data que agora se traslada ao 1 de xaneiro para que coincida coa revisión anual de prezos das autoestradas de titularidade estatal.



A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR INVISTE 935.000 EUROS PARA O FUNCIONAMENTO E O MANTEMENTO DA FUNDACIÓN GALEGA PARA O IMPULSO DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a *Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de Dependencia* (Funga) para financiar o seu funcionamento e mantemento durante 2008. O departamento autonómico investirá unha partida de 935.521 euros para o financiamento de investimentos destinados á reforma, do equipamento e á mellora das súas dependencias, bens, equipamentos e instalacións.

Mediante este convenio, a Funga disporá do orzamento suficiente para dar cumprimento aos seus obxectivos, reforzados coa posta en marcha do Sistema Galego de Atención á Dependencia en que este organismo desenvolve un traballo crucial na atención a persoas adultas con dependencia.

A Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de Dependencia ten por misión exercer a tutela das persoas maiores de idade, incapacitadas legalmente, que carezan de familia, persoa ou institucións idóneas, sempre que unha autoridade xudicial así o determine. Outra finalidade da Funga é fomentar e desenvolver todas as accións que se dirixan á integración e normalización dos adultos que tutele.



A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 2,7 MILLÓNS DE EUROS PARA O MANTEMENTO DOS CENTROS DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA A TRAVÉS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio co que se garante o mantemento dos centros de día e residenciais municipais xestionados a través do consorcio*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para financiar o mantemento dos centros de atención á dependencia que serán xestionados a través desta entidade. En total, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destinará 2,73 millóns de euros para proceder ao financiamento dos gastos de funcionamento e mantemento dos centros de día e residenciais xestionados a través do consorcio. Este convenio desenvolverase nos centros de día e residenciais municipais en que o consorcio asumiu a xestión do mantemento e funcionamento ao longo do ano 2007 e tamén no 2008.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar repartirá os fondos consignados no convenio de colaboración entre os equipamentos de atención á dependencia referidos, seguindo unha serie de criterios como son o tipo de centro, de día, de día e residencial ou só residencial, tendo en conta os diferentes custos do mantemento dos servizos e instalacións; o número de prazas de centro de día e residenciais de cada centro, tendo en conta o menor custo das prazas diúrnas e o maior custo das residenciais; a prestación ou non dos servizos de comedor ou lavandería sobre rodas; e a superficie útil de cada un dos centros, como elemento obxectivo de valoración dos custos de calefacción, seguridade ou enerxía eléctrica, entre outros.

Servizos sociais de calidade

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar promove a xestión dos equipamentos de atención á dependencia a través do Consorcio de Servizos da Igualdade e do Benestar co obxectivo de garantir o acceso de todos os galegos e as galegas a uns servizos sociais de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente. Ademais, apóstase por incrementar os niveis de cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións; contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social; e proceder á distribución efectiva dos servizos e prestacións co fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles.



O Consorcio procederá, con cargo ao orzamento do convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta, á xestión do cofinanciamento dos gastos de funcionamento e mantemento dos centros de día e residenciais xestionados por el, co obxectivo de acadar unha homoxeneización das características esenciais destes centros, así como das prestacións que deben ofertarlle aos usuarios, sen que isto teña que depender da capacidade económica e de xestión local de cada concello. Deste xeito ofértaselles a todas as entidades locais de Galicia unha fórmula de xestión compartida unitaria e coherente, que garanta a suficiencia financeira necesaria para o bo funcionamento deste tipo de centros.



A XUNTA INTERPORÁ ANTE O GOBERNO CENTRAL UN REQUIRIMENTO DE INCOMPETENCIA POLA ORDE QUE REGULA AS SUBVENCIONS DA SECRETARÍA DE ESTADO DE SERVIZOS SOCIAIS

- *Entende que vulnera as competencias exclusivas da Comunidade Autónoma en materia de asistencia social que lle atribúe o Estatuto*

O Consello da Xunta, por proposta da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, acordou hoxe formularlle ao Goberno central un requirimento de incompetencia da Orde TAS/421/2008, do 19 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións pola Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade. O Goberno galego entende que a norma mencionada vulnera a repartición competencial establecido pola Constitución e o Estatuto, ao residenciar completamente no Estado un proceso de subvencións en relación a unha materia que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, segundo se establece no artigo 27.23 do Estatuto galego.

A orde aprobada polo Estado o 19 de febreiro regula non só as condicións e procedemento de concesión das subvencións, senón que tamén lle atribúe ao propio ministerio a totalidade das funcións de execución administrativa como son a xestión, concesión e pagamento das axudas. Neste senso, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar considera que o Estado non dispón dun poder subvencional desvinculado do poder competencial, de xeito que o poder de gasto non pode ser autónomo da competencia á que se refire.

Neste senso, en canto á dimensión territorial dos programas que se poden subvencionar ao abeiro desta disposición, na orde non existe ningún tipo de prevencións que determinen que só se van financiar programas de necesaria dimensión estatal para a súa eficacia, e non asegura que non se vaian subvencionar actuacións de ámbito infraestatal. Concretamente, para poder ser beneficiario exíxese no artigo 3.b) a implantación estatal da entidade, o que non implica que as súas actuacións deban ter necesariamente dimensión estatal; e no artigo 7.1.a) determínase que un dos criterios de valoración dos programas que se presenten será a súa implantación, un criterio de baremo que non tería validez se todos os programas tivesen implantación estatal, posto que todos terían xa que logo a mesma puntuación, e que por tanto fai intuír que se van subvencionar programas de dimensión territorial non estatal.

A mesma orde, no seu preámbulo, reconece que se van dar axudas sexa cal sexa o territorio onde realicen as súas actuacións as entidades, xustificándose nunha interpretación expansiva do artigo 149.1 da Constitución española –“a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos



dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais”–, interpretando que “é responsabilidade do Estado avalar as entidades que operan neste ámbito dende unha perspectiva organizativa ou institucional, para deste modo fomentar ou potenciar a posterior actividade de protección social que deben desenvolver”, e xustifican a intervención do Estado “pola necesidade de garantir a igualdade plena na repartición das axudas”.

O Goberno galego entende que resulta incorrecto invocar este artigo para atribuírles en exclusiva ás instancias estatais a regulación e execución do procedemento para obter as subvencións en relación a unha materia que é competencia da Comunidade Autónoma, e así o avalan varias sentenzas do Tribunal Constitucional. De feito, da xurisprudencia constitucional (STC 61/97) pódese determinar que a competencia do Estado a partir deste artigo 149.1 da Constitución se limitaría ao ámbito do normativo, excluindo a posibilidade da súa invocación no ámbito executivo. Por outro lado, o TC tamén ten sentenciado que o “interese xeral” que utiliza a orde en varias ocasións non pode ser criterio de atribución de competencias ao Estado.

Neste senso, segundo considera a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, nunha orde coma esta, o Estado cando máis podería limitarse a especificar o destino e condicións xenéricas e primarias do outorgamento de subvencións, para inmediatamente deixarles ás comunidades autónomas a concreción e desenvolvemento do destino das axudas, así como a regulación da súa tramitación e a súa tramitación.



POLÍTICA LINGÜÍSTICA E A FUNDACIÓN PREESCOLAR NA CASA COLABORAN NA PROMOCIÓN DO GALEGO COMO LINGUA DE COMUNICACIÓN DAS FAMILIAS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e Preescolar na Casa, para fomentar o uso da lingua galega nos primeiros anos de vida*
- *A Secretaría Xeral financia con 200.000 euros o desenvolvemento do programa Preescolar na Casa*

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Preescolar na Casa renovan a colaboración para darlle continuidade, durante o 2008, ao desenvolvemento do programa *Preescolar na Casa*. O Consello da Xunta aprobou esta mañá o convenio entre as dúas entidades.

A través desta colaboración, desenvolverase un programa de actividades con que se pretende fomentar o uso do galego nos primeiros anos de vida da persoa. O obxectivo é que os rapaces e as rapazas de entre 0 a 6 anos medren nun ambiente onde a lingua galega sexa a habitual.

Preescolar na Casa vén desenvolvendo desde o ano 1977 un programa de educación no medio rural, que se realiza integramente en lingua galega. A través de grupos de traballo, charlas colectivas e da divulgación nos medios de comunicación, a fundación intervéñe de maneira directa con 4.300 familias dun 90% dos concellos de Galicia.

Promover o emprego da lingua galega como medio de comunicación entre as familias e nenos que participan nas actividades do programa, motivar no emprego da lingua galega a familias que esperan o primeiro fillo, darlles a coñecer ás familias materiais e recursos en lingua galega para a educación dos fillos ou incentivar o emprego do galego entre os diferentes sectores e institucións das áreas xeográficas onde se desenvolve o programa son algúns dos obxectivos de *Preescolar na Casa*.

Orientación e divulgación

As actuacións que se van desenvolver ao abeiro deste convenio céntranse na orientación e na divulgación entre as familias. Entre as accións que se prevén, figuran reunións periódicas coas familias que participan no programa, charlas destinadas a familias e profesionais da educación ou a elaboración de cinco números da revista periódica de contido pedagóxico. Xunto a estas medidas, seguirase realizando o programa de televisión semanal para a súa emisión na TVG, ademais da elaboración de diversos programas de radio ou a participación en diferentes medios de comunicación.



Política Lingüística destina 200.000 euros ao financiamento do programa *Preescolar na Casa*.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ PRETO DE 21 MILLÓNS DE EUROS NA AMPLIACIÓN DO PORTO DE BRENS, EN CEE

- *O proxecto facilitará as operacións de carga e descarga así como a atracada de buques de ata 25.000 t.p.m. (toneladas de peso morto), o que supón multiplicar por cinco a capacidade de tonelaxe actual*
- *As obras permitirán ampliar en 320 metros o actual peirao ao pasar dos 390 actuais a 710 metros*
- *A enseada resultante acadará os 47.000 metros cadrados fronte aos 13.000 actuais*
- *A actuación permitirá acadar un calado máximo de 11 metros fronte aos 7 actuais*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento de 20,86 millóns de euros para acometer as obras de ampliación do peirao do porto de Brens, en Cee, que teñen como obxectivo permitir as operacións de carga e descarga así como a atracada en xeral de buques de ata 25.000 TPM (toneladas de peso morto), o que supón multiplicar por cinco a capacidade de tonelaxe actual.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a través do ente público Portos de Galicia, acometerá a ampliación do actual peirao de mercadorías que dadas as características que presenta na actualidade, en canto a calado e superficie de almacenamento, non permite a entrada de buques de máis de 5.000 ou 6.000 tpm, feito que obriga a desviar buques de maior carga a outros portos.

As obras teñen previsto a ampliación do actual peirao de mercadorías prolongando o existente nunha lonxitude de 320 metros e un ancho de 100 metros. Polo tanto, o peirao pasará dos 390 metros lineais actuais aos 710 metros. A enseada resultante acadará os 47.000 m² (34.000 m² máis que os 13.000 actuais) e contará cunha zona de operacións e nunha serie de parcelas de depósito e vías de circulación. Ademais, efectuarase unha dragaxe xeral que mellorará os calados (por un volume estimado duns 110.000 m³) ata acadar un calado máximo de 11 metros fronte aos 7 actuais. Finalmente, procederase á pavimentación de toda a zona e instalarase un sistema de recollida de augas de escorrentía para evitar vertidos á ría.



A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO PARA A CONSTRUCIÓN E EXPLOTACIÓN DO EIXE DE COMUNICACIÓN A-52-CELANOVA-FRONTIIRA PORTUGUESA

- *O financiamento acada unha contía máxima de 255,5 millóns de euros para os 30 anos que dura a concesión*
- *O custo de execución da infraestrutura ascende a 121 millóns de euros*
- *A empresa concesionaria asumirá a construción, explotación e mantemento da infraestrutura*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto para a execución do novo eixe de comunicación A-52-Celanova-fronteira portuguesa, por un importe máximo de 255,5 millóns de euros. Este trámite administrativo supón o visto e prace ao financiamento para a construción, a explotación e o mantemento desta nova vía de alta capacidade en réxime de concesión durante 30 anos. O custo concreto de execución da infraestrutura ascende a 121 millóns de euros.

Posteriormente, a Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes publicará a licitación para a concesión das obras no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Estado* e no *Diario Oficial da Unión Europea*.

Segundo o concurso de licitación, a empresa concesionaria asumirá a construción e explotación desta nova infraestrutura así como o seu mantemento e reparación durante todo o período que dure a concesión. Como contraprestación, a Xunta de Galicia aboaralle á concesionaria que resulte adxudicataria un canon de demanda a partir da entrada en servizo da totalidade da infraestrutura.

Este eixe de comunicación está constituído por unha vía de alta capacidade entre a autovía das Rías Baixas (A-52) e Celanova sur que terá sección de corredor nos 18,7 quilómetros do seu trazado, o que supón que xa estarán preparados para o seu desdoblamento en autovía. O eixe tamén recolle unha mellora xeral do trazado e a capacidade da estrada OU-540 entre Celanova sur e a fronteira portuguesa (39 quilómetros) e cadansúa variante de poboación en Bande (2,6 quilómetros) e Vereá (2,3 quilómetros).

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O GASTO DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA LAXE-PONTE DO PORTO

- *As obras adecuaranse ás características do tráfico en cada treito, creando variantes e incorporando beirarrúas nas zonas xa urbanizadas e respectando ao máximo a paisaxe nos treitos con menos circulación*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de 3,5 millóns de euros por parte da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para realizar os traballos de acondicionamento da estrada AC-433 que vai desde Laxe ata a conexión coa estrada Vimianzo-Camariñas (á altura do cruzamento de Recesinde), ao longo de 12,6 quilómetros. Aos 3,5 millóns que a CPTOPT investirá nas obras hai que engadir outros 917.000 euros que irán destinados ao pagamento das expropiacións, segundo autorizou o Consello a pasada semana coa declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos terreos necesarios para esta actuación.

As obras que acometerá Política Territorial terán en conta tanto as características do tráfico que circula por esta estrada como os condicionantes urbanos e paisaxísticos da zona, moi accidentada. Así, nos treitos en que está previsto un maior volume de tráfico, que se corresponden coas zonas urbanizadas entre Laxe e o cruzamento en Soesto coa estrada provincial que comunica con Baio, realizaranse correccións de trazado e variantes que eviten no posible as travesías actuais. Estas variantes terán dous carrís de 3,5 metros de largo e beiravías dun metro. Tamén terá un tratamento específico a entrada a Laxe, en que se incrementarán o número de aparcadoiros e ampliaranse e prolongaranse as beirarrúas. Estas actuacións suporán unha importante mellora tanto para os condutores como para os peóns, proporcionándolles unha maior seguridade viaria e reducindo os tempos de percorrido.

Por outra banda, nos treitos onde a intensidade de tráfico é menor, entre a estrada provincial e a estrada Vimianzo-Camariñas, a mellora da estrada realizarase procurando reducir ao mínimo as afeccións á paisaxe. Nestes treitos mellorarase os firmes, as drenaxes, as marxes e as incorporacións á estrada sen modificar o trazado actual. Nestes treitos a estrada contará con dous carrís de tres metros e beiravías de un metro.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 4,5 MILLÓNS DE EUROS NA URBANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA AVENIDA DA FLORIDA, EN VIGO

- *Esta actuación está recollida no convenio asinado entre a CPTOPT e o concello para a reforma dos treitos urbanos das estradas autonómicas Vigo-Baiona e Vigo-Vincios, que posteriormente se transferirán ao concello*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o gasto de 4,5 millóns de euros na mellora da seguridade viaria e a urbanización da avenida da Florida, en Vigo. Esta actuación está incluída no convenio xa asinado entre a CPTOPT e o Concello polo que a consellería investirá 8,2 millóns de euros na reforma dos treitos urbanos de entrada a Vigo das estradas autonómicas Vigo-Baiona (PO-552) e Vigo-Vincios (PO-325) e que se denominan, respectivamente, avenida da Florida e avenida de Castrelos.

A avenida da Florida pasou xa na práctica a integrar a rede viaria urbana de Vigo. Este carácter de estrada urbana obriga a axeitar a vía aos seus usos e a estender os servizos de carácter máis urbano ás zonas onde aínda non existen ou nas cales presentan deficiencias. É necesario apostar pola coexistencia dos peóns e dos vehículos mellorando a comodidade dos primeiros e redefinindo e optimizando a circulación dos segundos. Para iso construíranse beirarrúas, dispórase novo mobiliario urbano e mellorarase a seguridade viaria.

A avenida da Florida presenta problemas de falta de espazo nas beirarrúas e unha pouco axeitada ordenación do elevado tráfico rodado que rexistra. A reforma atenderá as características peculiares de tres tramos diferenciados: o primeiro entre a praza de América e o cruzamento coas rúas Martín Echegaray e Manuel de Castro, o segundo ata o cruce coa rúa Padre Seixas xunto ao parque da Bouza e o terceiro ata a rotonda da avenida de Citroën que dá acceso á Zona Franca.

Segundo o convenio en que se enmarca esta actuación, a Consellería de Política Territorial financia as obras a realizar nesta avenida, encárgase da contratación e execución dos traballos e transferiralle ao Concello a titularidade de ambos os treitos unha vez que rematen as obras. Pola súa banda, o concello foi o encargado de redactar os proxectos técnicos necesarios, que foron aprobados pola CPTOPT, e deberá facilitar os terreos e permisos necesarios para realizar a obra. Posteriormente, asumirá a titularidade así como a futura conservación e mantemento dos treitos reformados e dos seus servizos urbanos.



POLÍTICA TERRITORIAL ACHEGA 235.000 EUROS Á CONSTRUCCIÓN DE DÚAS ÁREAS DE ESTACIONAMENTO DE AUTOBUSES EN CULLEREDO

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o concello de Culleredo (A Coruña) para a construción de dúas áreas de estacionamento de autobuses na zona do Burgo. A CPTOPT achegará un total de 235.000 euros para financiar as ditas actuacións

A construción destas áreas de estacionamento contribuirá a potenciar o uso do transporte público e, ademais, axudará tamén á reordenación dos tráfico dos autobuses concentrando as súas saídas e chegadas nun único punto, facilitando e mellorando a calidade do servizo aos usuarios.

Segundo o texto do convenio que se asinará proximamente, a Consellería de Política Territorial elaborará, supervisará e aprobará o proxecto de construción das dúas áreas de estacionamento. Así mesmo, a CPTOPT encargárase da adxudicación, dirección e recepción das obras.

Pola súa banda, o Concello de Culleredo porá á disposición de Política Territorial os terreos necesarios para executar as obras, libres de cargas e cos usos urbanísticos que correspondan. Tamén, unha vez rematadas as obras, asumirá a explotación, o mantemento e a conservación destas instalacións.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA DESTINARÁ MÁIS DE 700.000 EUROS, A TRAVÉS DO INEGA, PARA A EFICIENCIA ENERXÉTICA NO SECTOR DA EDIFICACIÓN

- *O Instituto Enerxético de Galicia colaborará coa Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo e a Fundación Axencia Enerxética da Coruña*

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega), dependente da Consellería de Innovación e Industria, vai colaborar coa Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI) e a Fundación Axencia Enerxética da Coruña (Faepac) de tal xeito que se potenciará a realización de distintas actividades encamiñadas a mellorar a eficiencia enerxética no sector da edificación e nos sectores de servizos públicos e transportes por estrada, en virtude dun convenio que foi validado esta mañá polo Consello da Xunta. Para acometer estas actividades de aforro enerxético, a Consellería de Innovación destina un total de 755.687 euros.

No que a materia de eficiencia enerxética no sector da edificación se refire, preténdese conseguir unha redución da demanda de enerxía do edificio mediante, por un lado, a rehabilitación da envolvente térmica e, por outra banda, a mellora na eficiencia enerxética nas instalacións de iluminación nos edificios existentes. Ademais tamén se levarán a cabo tarefas de mellora da eficiencia enerxética de instalacións térmicas nos edificios existentes con medidas que afecten a mellora de eficiencia enerxética das instalacións de calefacción, produción de auga quente sanitaria e refrixeración.

Os beneficiarios das axudas poden ser persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada propietarios ou titulares de edificios do sector residencial e terciario, nos dous primeiros casos, e empresas de servizos enerxéticos e de mantemento, persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada propietarios ou titulares de edificios do sector residencial e terciario, no terceiro. Para estas actividades destinaranse un total de 215.000 euros.

Servizos públicos e transportes por estrada

Polo que respecta ás medidas de eficiencia enerxética en materia de servizos públicos e transportes por estrada, a consellería destinará un total de 540.687 euros a aquelas accións destinadas a renovar as instalacións de iluminación pública exterior existentes e a mellorar a eficiencia enerxética das novas instalacións de iluminación, no epígrafe do sector de servizos públicos. Os beneficiarios que poden optar estas axudas son os concellos, institucións públicas, empresas públicas ou privadas concesionarias do servizo de iluminación exterior.



No tocante ao transporte por estrada, as medidas realizaranse a través da realización de estudos que permitirán acometer os investimentos necesarios en infraestruturas ou servizos para aumentar a demanda de medios colectivos. Estarán considerados como estudos de viabilidade e de deseño básico para acometer infraestruturas de intercambiadores de transporte intermodais e/ou carrís reservados para o transporte público na rede de estradas propiedade de Galicia.



MEDIO RURAL DECLARA A PREVALENCIA DE UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE AUTOVÍA DE VERÍN Á FRONTEIRA PORTUGUESA SOBRE A DOS MONTES VECIÑAIS

- *O acordo que impulsa a construción da nova infraestrutura afecta os montes veciñais en man común de Cabreiroá, Mourazos, Tamaguelos e Mandín, no municipio de Verín*

A Consellería do Medio Rural acordou declarar a prevalencia de utilidade pública do proxecto de autovía no tramo de Verín á fronteira portuguesa, sobre a dos montes veciñais en man común de 'Maior e Cabreiroá', 'Outeiro de Pendón e Veiga', 'Xieira e Veiga' e 'Do Circo', promovido pola Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia.

En total, a superficie de afección é de 14.860 m² no monte veciñal de Cabreiroá, 52.662 m² no de Mourazos, 76.570 m² no de Tamaguelos e de 480 m² no de Mandín.

A Dirección Xeral Montes e Industrias Forestais ratificou os informes favorables sobre a prevalencia da utilidade do proxecto sobre as destes montes veciñais, emitidos pola Delegación Provincial do Medio Rural en Ourense tras concluír os correspondentes períodos de exposición pública sen que se presentasen alegacións.

A Lei de estradas estatal dispón que a aprobación dos proxectos de estradas estatais implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e adquisicións de dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes. Ademais, a Lei de Expropiación forzosa establece, así mesmo, que a aprobación dos proxectos de estradas implicará a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A CONSTRUCIÓN DUNHA PISTA DE ATLETISMO EN CUNTIS

- *O orzamento previsto para a realización da obra supera os 800.000 euros, dos cales máis de 600.000 os achagará a Dirección Xeral para o Deporte*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao proxecto de construción da pista de atletismo de seis rúas no concello pontevedrés de Cuntis para a aprobación da sinatura do convenio entre a Consellaría de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral para o Deporte, e o Concello de Cuntis.

O investimento destinado para a execución do proxecto, redactado por Herranz Arquitectura S.L, conta cunha inversión total de 826.978,72 euros e será financiado polas dúas administracións, xa que a Dirección Xeral para o Deporte achegará, con cargo aos seus orzamentos, 689.829,47 euros, e o concello de Cuntis un total de 172.457,37 euros.

Neste senso, o Concello de Cuntis deberá poñer a disposición da Consellería de Cultura e Deporte os terreos precisos para a realización da actuación prevista, remitindo á Dirección Xeral para o Deporte certificación acreditativa da súa disponibilidad así como a certificación de que os terreos son de titularidade municipal e atópanse libres de cargas.



PESCA INVESTIRÁ UN MILLÓN DE EUROS NA PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN SOCIOCULTURAL DO SECTOR PESQUEIRO NO BIENIO 2008-2009

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe este gasto plurianual con que se poderán financiar actividades do ámbito cultural vinculadas ao mar, formativas, relacionadas co ambiente e relativas ao patrimonio marítimo*
- *As axudas serán para proxectos presentados, entre outras entidades, por confrarías de pescadores e as súas federacións; organizacións de produtores pesqueiros; agrupacións de acuicultores, mariscadores e outros profesionais do mar; asociacións declaradas de utilidade pública; e fundacións*
- *Segundo a orde que se publicará proximamente no DOG, para este exercicio disporase de 500.000 euros, unha cantidade que se suma aos 450.000 euros correspondentes ao período 2007-2008 para a mesma medida*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o compromiso de gasto plurianual da orde pola que se establecen as bases e se regula o proceso de concesión das axudas para a realización de proxectos de promoción sociocultural e divulgación nas comunidades pescadoras e o sector pesqueiro no período 2008-2009. Así, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos destinará, con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, un total de 1 millón de euros á devandita actuación, dos que 500.000 serán para o actual exercicio e outra cantidade igual para o ano que vén no caso daquelas solicitudes cuxo prazo de execución supere o ano 2008.

Con estas subvencións quérese incentivar a realización, por parte das entidades do sector, de actuacións participativas de promoción sociocultural con finalidade formativa, turística, ambiental, cultural, social ou de recuperación de valores e tradicións para contribuír á dinamización das comunidades pescadoras. Esta medida responde ao éxito da convocatoria de 2007, que confirmou a importancia destas iniciativas para a diversificación das rexións do noso litoral.

Deste xeito, as axudas permitirán financiar proxectos que teñan como obxectivo formar pescadores, mulleres do mundo do mar ou mozos en áreas de coñecemento relacionadas coa pesca e a súa tecnoloxía; nas novas ferramentas de comunicación e da información nos seus aspectos de aplicación á pesca e á navegación; ou na diversificación económica das zonas dependentes da extracción de recursos do mar. Pola contra, serán excluídas aquelas accións formativas que oferte a Administración en calquera das súas modalidades.

Tamén se poderán acoller ás axudas aquelas iniciativas orientadas a restaurar e recuperar elementos do patrimonio marítimo, en xeral, e da pesca, en particular, tanto mobiliario como inmobiliario, así como a súa posta en uso. Así mesmo, estarán



amparadas pola orde as accións culturais e medioambientais vinculadas ao mar que cumpran os requisitos exixidos.

Por outra banda, cabe sinalar que poderán acceder a estas subvencións as confrarías de pescadores e as súas federacións; as organizacións de produtores pesqueiros e as súas centrais sindicais; e as agrupacións de acuicultores, mariscadores ou outros profesionais do sector marítimo-pesqueiro e as súas federacións. Ademais, poderán beneficiarse das axudas asociacións declaradas de utilidade pública, fundacións e institucións sen ánimo de lucro que teñan a súa sede en Galicia e realicen a súa actividade na nosa comunidade sempre que desenvolvan o proxecto en colaboración ou coa participación significativa de pescadores ou as súas organizacións, acreditada documentalmente. Neste punto, quedan descartadas as persoas físicas, as empresas, as corporacións locais e as entidades con fins docentes, tanto públicas como privadas.

Requisitos dos proxectos

As actividades que poden optar a estas axudas terán que ser de nova creación ou segundas fases ou ampliacións das xa iniciadas. Ademais, entre os requisitos esixidos atópase que no caso de actuacións sobre inmobles, estas estarán ligadas a un uso posterior destes dentro das finalidades do proxecto e que o ámbito territorial de execución das accións non excederá o da nosa comunidade autónoma.

Así mesmo, estas subvencións non poderán destinarse á realización de congresos, xornadas técnicas, reunións científicas ou similares; actos conmemorativos ou festivos; actividades de promoción de produtos e festas gastronómicas; iniciativas que teñan como obxecto único a celebración ou produción de espectáculos; ou proxectos editoriais.

Pola súa banda, o orzamento non debe ser inferior aos 15.000 euros nin superior aos 96.000 euros e o prazo de execución non poderá superar o 30 de novembro de 2008. Neste punto, cabe sinalar que aos 500.000 euros que, para este ano, achegará Pesca, ao amparo da futura orde que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), súmanse outros 450.000 euros que destina a Consellería de acordo cunha orde tamén de promoción e divulgación sociocultural do sector pesqueiro para o bienio 2007-2008.

En canto aos gastos subvencionables, poderán incluírse os investimentos en inmovilizado, así como os de contratación de servizos ou persoal, todos eles cando sexan necesarios para a execución do proxecto. Tamén serán considerados gastos elixibles os de funcionamento derivados da realización da actividade e os de convocatorias e premios concedidos pola entidade ou de apoio ao voluntariado.



Diversificación das zonas de pesca

Con esta medida, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos quere promover a dinamización sociocultural das comunidades pescadoras mediante programas de sustentabilidade aplicados a diferentes aspectos da realidade social desta profesión (económicos, sociais, ambientais, biolóxicos e culturais) para acadar unha pesca responsable, así como para lograr unha maior consideración social dos traballadores do mar e para incidir na súa formación a través dunha participación activa.

A promoción do patrimonio sociocultural apóiase na realización de proxectos de recuperación e divulgación, de formación, de educación ambiental e outros que teñen como finalidade contribuír a unha maior revitalización das comunidades do litoral. Ademais, considérase que a participación nas iniciativas non debe limitarse unicamente aos propios pescadores, senón que ten que abrirse á sociedade en xeral, a través da participación de entidades de tipo asociativo e da implicación das empresas mediante apoio económico e institucional.

É por isto que, no epígrafe relativo á contía das axudas, inclúese a figura do fondo de desafío como forma de ligar as empresas co seu entorno, xa que os proxectos poderán ter un financiamento adicional aos 96.000 euros máximos sempre e cando consigan contribucións polo mesmo importe procedentes de compañías da zona que se impliquen na realización da actuación. Aínda así, a concesión do fondo de desafío non pode condicionar o desenvolvemento do proxecto e será dedicada a actividades complementarias ás principais.



A XUNTA DESTINA 1,2 MILLÓNS DE EUROS A MELLORAS AMBIENTAIS NOS CONCELLOS DE ORDES E NEGREIRA (A CORUÑA) E EN MOS E MARÍN (PONTEVEDRA)

- *As actuacións consistirán no acondicionamento das marxes do río Barcala en Negreira, e das ribeiras do Mercurín en Ordes*
- *Medio Ambiente subvencionará tamén o acondicionamento da finca do cadro en Marín; e da zona verde de Sanguñeda e a área de Alfacuca en Mos*

O Goberno da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, catro proxectos para acometer dúas actuacións de mellora medioambiental nos concellos coruñeses de Negreira e Ordes e nos pontevedreses de Mos e Marín. En total, estes traballos suporán un investimento total de 1.288.497 euros por parte do departamento autonómico. Esta contía terá como finalidade o acondicionamento das marxes dos ríos Barcala e Mercurín, en Negreira e Ordes, respectivamente; e a mellora das zonas verdes de Sanguñeda e Alfacuca e o Cadro, en Mos e Marín. As actuacións teñen unha dobre finalidade: servir de goce para a poboación, á vez que se a sensibilizala respecto ao uso racional dos recursos naturais e a preservación dos mesmos.

Provincia da Coruña

En Negreira, a Consellería de Medio Ambiente destinará 254.811 euros ás obras de construción dun paseo fluvial nas marxes do río Barcala, no treito comprendido entre a ponte de Negreira e a área recreativa de Cobas. A actuación farase efectiva en dúas anualidades, a deste ano e o vindeiro.

Pola súa banda, en Ordes, o departamento autonómico acometerá o acondicionamento das marxes do río Mercurín. A obra conta cun orzamento de 450.290,18 euros e materializarase, así mesmo, nos exercicios económicos de 2008 e 2009.

Provincia de Pontevedra

O acondicionamento da zona verde de Sanguñeda (Mos), próxima ao río Louro, é outro dos proxectos aprobados hoxe no consello da Xunta. A actuación consiste na rehabilitación ambiental de 1,7 hectáreas de monte abandonado na área de Alfacuca. A rexeneración deste espazo prolongarase ao longo dos vindeiros 15 anos, aínda que a Consellería de Medio Ambiente só financiará con 399.972 euros as actuacións iniciais, tales como a preparación do terreo para as plantacións.

A cuarta das actuacións medio ambientais aprobadas hoxe consistirá na construción dun parque multiaventura no espazo natural Finca do Cadro, en Marín. A obra, que



non inclúe a parte do proxecto relativa á urbanización, suporá un investimento de 183.423 euros por parte do departamento autonómico ao longo deste ano.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO LICITA POR 4,8 MILLÓNS DE EUROS A URBANIZACIÓN E ELECTRIFICACIÓN DAS UNIDADES DE ACTUACIÓN N-1 E N-2 DE GARABOLOS, CONCELLO DE LUGO, DESTINADAS Á CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA

- *Neste ámbito de actuación, de 93.000 metros cadrados, está prevista a construción de 822 vivendas con diferentes graos de protección*

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 4.809.077 € destinados á urbanización e electrificación das unidades de actuación denominadas N-1 e N-2 de Garabolos no planeamento municipal do concello de Lugo. Neste ámbito, unha vez urbanizado, está prevista a construción de 822 vivendas con diferentes graos de protección.

A Consellería convocará a través do *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o concurso público para contratar a execución das obras de urbanización deste ámbito.

A Consellería de Vivenda e Solo desenvolve en Garabolos a maior actuación de vivenda protexida en Lugo, xunto coa rehabilitación da Tinería. Das 822 vivendas previstas en Garabolos, 172 son de promoción pública (VPP), é dicir, promovidas directamente pola Consellería, cun orzamento de licitación para a redacción do proxecto e a construción do edificio de 17,7 millóns de euros. Neste momento o concurso público está en proceso de adxudicación.

O resto das vivendas, 650, serán de protección autonómica (VPA) con diferentes graos de protección, promovidas polo sector privado e protexidas pola Consellería, cunha serie de vantaxes tanto para os promotores como para os compradores.

A Consellería de Vivenda e Solo elixiu as parcelas máis próximas ao centro da cidade de Lugo dentro do ámbito de Garabolos para a construción das 172 vivendas de promoción pública. Unha das parcelas está situada na avenida da Coruña e a outra parcela na avenida Flavio Máximo.



VIVENDA E SOLO LICITA POR 4,1 MILLÓNS DE EUROS AS OBRAS DE URBANIZACIÓN E ELECTRIFICACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE LANDROVE NO CONCELLO DE VIVEIRO

- *O Consello da Xunta autorizou o investimento para o desenvolvemento deste parque de 130.400 metros cadrados*

O Consello da Xunta autorizou hoxe, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 4.168.383 euros para as obras de urbanización e electrificación do parque empresarial de Landrove, no Concello de Viveiro. Unha vez aprobado o investimento, a Consellería convocará a través do *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o concurso público para contratar as obras.

Neste momento, a Xunta está a ultimar o proceso de adquisición dos terreos necesarios para o desenvolvemento deste parque, o 70% foron adquiridos de mutuo acordo cos propietarios das fincas e o 30% restante a través dun expediente de expropiación que está en tramite. Por outra banda, o proxecto de urbanización está en tramitación no Concello de Viveiro. A Consellería de Vivenda e Solo prevé que tanto a adquisición dos terreos como a tramitación do proxecto de urbanización estean rematadas no segundo semestre deste ano, momento en que comezarán as obras de urbanización e electrificación.

O parque empresarial de Landrove terá unha superficie total de 130.400 metros cadrados, dos que 84.400 metros cadrados serán de uso industrial e comercial, outros 27.000 metros cadrados para o sistema viario e aparcadoiros, 16.350 metros cadrados para zonas verdes e 2.600 metros cadrados destinaranse a uso dotacional.

Este parque cumprirá cuns criterios de calidade óptimos en canto á integración no territorio. As zonas verdes, 16.350 metros cadrados, exercerán como pantallas protectoras das vivendas que están máis próximas ao parque, igual ca as zonas destinadas a solo dotacional e de equipamentos.

Por outra banda, todas as paredes das futuras naves, incluídas as susceptibles de ampliación, deberán ser tratadas como se fosen fachadas, é dicir, coa calidade propia dunha obra rematada. Ademais, tódalas instalacións auxiliares das naves principais deberán ter un nivel de acabado axeitado que non desmereza a estética do conxunto. Finalmente, os espazos libres que non sexan pavimentados deberán ser acondicionados con elementos de xardinaría.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO LICITA POR 21,3 MILLÓNS DE EUROS AS OBRAS DE URBANIZACIÓN E ELECTRIFICACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE PACIOS-BAAMONDE NO CONCELLO DE BEGONTE

- *Este parque, de 1 millón de metros cadrados, albergará 44 parcelas de gran tamaño, a maioría para a instalación de operadores loxísticos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 21.375.171 euros destinados á execución das obras de urbanización e electrificación do parque empresarial de Pacios-Baamonde, no concello de Begonte, que conta cunha superficie de 1.062.151 metros cadrados. Unha vez aprobado o investimento, a Consellería convocará a través do *Diario Oficial da Unión Europea* (DOUE) e do *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o concurso público para contratar as obras.

Neste momento, a Consellería está a rematar o proceso de adquisición dos terreos necesarios para o desenvolvemento deste parque a través dun expediente de expropiación. A previsión é que as obras de urbanización comecen no segundo semestre deste ano, momento en que xa estará adxudicado o concurso público e adquirido o 100% dos terreos.

O parque empresarial de Pacios-Baamonde contará cunha superficie total de 1.062.151 metros cadrados dos cales 652.415 metros cadrados serán de uso empresarial, 72.889 metros cadrados de uso comercial, social e deportivo, outros 147.890 metros cadrados destinados a zona verde e o resto para vías, infraestruturas, servizos e aparcamentos.

Este parque contará en total con 44 parcelas de gran tamaño, das cales 40 serán de uso industrial destinadas á instalación de operadores loxísticos dedicados ao movemento de mercadorías. Destas 40 parcelas, 18 terán entre 5.000 e 12.000 metros cadrados, 20 parcelas cunha superficie de entre 12.000 e 30.000 metros cadrados, 1 parcela de 66.263 metros cadrados e 1 parcela de 90.990 metros cadrados.

Precisamente a situación do parque de Pacios-Baamonde, entre a A-6, a futura autovía do Cantábrico A-8 e a N-634, é unha das características que o fai atractivo para a instalación deste tipo de empresas, que precisan de enlaces coas principais vías de comunicación do país para o transporte das súas mercadorías.

O futuro parque empresarial de Pacios-Baamonde está integrado no programa *Galicia Suma*, xa que se trata dun proxecto estratéxico pola súa situación no país e polo seu



carácter de plataforma loxística que permitirá a instalación de grandes empresas, co conseguinte desenvolvemento económico e creación de postos de traballo.



A CPTOPT DÁ CONTA DO GASTO DE 120.000 EUROS EN OBRAS DE EMERXENCIA NOS PORTOS DE CARIÑO E CEDEIRA

- *O obxectivo foi a reparación dos elementos deteriorados nos diques por mor do temporal de hai un mes*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu hoxe conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia das obras acometidas nos diques dos portos de Cariño e Cedeira provocados polo temporal de hai un mes. As actuacións realizadas supuxeron un investimento de 120.000 euros para os dous portos.

No caso de Cedeira, os traballos consistiron en retirar os restos do dique que resultou danado para, posteriormente, recubrir a zona afectada con formigón. No porto de Cariño acometeuse esta mesma actuación e tamén se abriron respiradoiros ao longo do peirao comercial, repúxose o pavimento afectado e reparáronse os elementos metálicos deteriorados polo temporal.